

XORNAL DE MULLERES DESTACADAS



Índice

Limiar	2
Maruja Mallo (3 anos)	3
Elena Ferro (4 anos)	4
Elena Ferro (5 anos A)	5
Marta Varela (5 anos B)	6
María Casares (1º)	7
Vero Boquete (2º)	8
Marisol Soengas (3º)	9
Elena García Armada (4º)	10
Malala Yousafzai (5º)	11
Olimpia Valencia (6º)	12

Limiar

Este ano, dende o CEIP Purilingüe Nosa Señora da Piedade, decidimos facer unha actividade conxunta para conmemorar o Día Internacional da Muller (8M) e a Semana da Prensa, dado que ámbalas dúas foron temporalmente simultáneas.

Cada curso buscou en xornais dixitais unha nova sobre mulleres relevantes de calquera sección (véxase: economía, deportes, cultura, etc.). Esa nova foi transformada nun código qr ao que se lle anexou información biográfica da persoa en cuestión así como unha imaxe da mesma.

O resultado é este compendio en forma de pequeno xornal con mulleres destacadas, que co seu labor axudaron a cambiar o mundo á vez que lle deron un inmenso pulo á loita pola igualdade.

A través deste traballo queremos lanzar un berro claro que retumbe en todo o mundo: "Nenas e mulleres, queremosvos libres e fortes!". E, por suposto, a prensa ten moito que dicir en prol desta causa da que hoxe facemos especial énfase.

MARUJA MALLO

Maruja Mallo naceu en Viveiro (Lugo), en 1902. O seu verdadeiro nome era Ana María Gómez González. En 1922 trasládase coa súa familia a Madrid. Estudia na Real Academia de Bellas Artes de San Fernando, onde coincide con Salvador Dalí, que a introduce no ambiente do surrealismo e da Xeración do 27. Ilustra algunhas obras de Rafael Alberti, como “La pájara pinta”. En 1927 coñece a Ortega y Gasset e colabora como ilustradora na “Revista de Occidente”. A súa primeira exposición individual celébrase nos salóns de dita publicación con gran éxito. Nos anos 30 viaxa a París, onde toma contacto con figuras como André Bretón, e a súa obra entra de cheo no surrealismo. De volta en España, traballa como profesora. Co inicio da Guerra Civil, exiliase a Arxentina. En 1939 pinta a súa obra máis importante: “El canto de la espiga”. Na década dos 60 volve a España. Morreu en Madrid, en 1995.

Premios

Medalla de Ouro ao Mérito nas Belas Artes (1982)

Medalla de Ouro de Madrid (1990)

Medalla de Ouro da Xunta de Galicia (1991)



María Elena Ferro Lamela, máis coñecida como Elena Ferro, nada en Merza, Vila de Cruces, en 1975, é unha zoqueira galega cun papel fundamental na revalorización dos zocos a finais do século XX e inicios do século XXI.

Traxectoria

Herdou o oficio do seu avó, da súa tía, do seu pai que eran zoqueiros. Na década dos 70 do século XX comezaron a deixar de usarse os zocos e a ir desaparecendo o oficio. A súa familia foi cambiando de vender só na comarca do Deza e mensualmente en Monterroso a ir desprazándose a outras feiras e ampliar os produtos que vendían incorporando a manufactura do coiro.

Nos anos 90 Elena Ferro comezou a facer cambios nos zocos sen éxito comercial ate 2010. Cambiou a base de madeira para adaptalos a pisar en duro, patentándoo e mudou o deseño vendendo os seus produtos ademais de en Galiza, no País Vasco, Barcelona, Alemaña, Estados Unidos, Nova Zelandia apoiándose nas redes sociais.

Recoñcementos

Premio de artesanía Antonio Fraguas Fraguas en 2010, Deputación da Coruña.

Premio nacional de artesanía 2019.





DESTACA POR SER EMPREENDEDORA,
DESEÑADORA, ARTESÁ E, SOBRE TUDO,
ZOQUEIRA!



SEGUÍU OS PASOS DA SÚA FAMILIA,
FOI MÁIS ALÁ E TRIUNFOU.



PREMIO ANTONIO FRAGUAS DE ARTESANÍA 2010



PREMIO NACIONAL DE ARTESANÍA
2019



UNHA MULLER QUE CUMPLÍU O SEU
SONO A BASE DE TRABALLO,
LOITA E RACHAR ESQUEMAS.



NACEU EN MERZA, VILA DE CRUCES



NESTA ALDEA MANTÉN O SEU TALLER
ONDE SE FABRICAN UNS 4.000
ZOCOS AO ANO.



DESEÑA E ELABORA
MARROQUINERÍA.



CRUZOU FRONTEIRAS E OS SEUS ZOCOS
TACONEAN POR TODO O MUNDO.



DIGNIFICOU O ZOCO GALEGO LEVÁNDOO ÁS
PASARELAS.




ELENA FERRO





CHÁMONME MARTA VARELA

ESTUDO DE REITO



MARTA

SON DE LA LINA

XO GO AO RUGBI
DENDE FAI 10
ANOS NO CORETI
LALIN

A POSICIÓN DE RUGBI
QUE MÁIS ME GUSTA
É A DE 8 NA MELÉ



XO QUEI 2 ANOS NUN
EQUIPO DE RUGBI
PORTUGUÉS

XO QUEI COA SELECCIÓN
GALLEGA 3 VECES E NO
CAMPEONATO DE SELECCIONS
AUTONÓMICAS DE
VALENCIA


NO 2018 CURSEI A
FORMACIÓN DE:
IA RUGBI

SON ADESTRADORA DE RUGBI



DEMOSTREI QUE NO
DEPORTE TAMÉN
HAI SITIO
PARA NÓS

FUN A 1ª MULLER EN
ARBITRAR NA CATEGORÍA
MASCULINA EN GALIZIA



MARÍA CASARES

María Casares naceu o 21 de novembro de 1922 na Coruña, filla de Santiago Casares Quiroga e Gloria Pérez Corrales.

Estudou no Collège Français da Coruña e máis tarde a familia trasladouse a Madrid onde comezou a facer teatro. A causa da Guerra Civil, saíron de España e foron a París.

Estudou no Instituto Victor-Duruy, onde aprendeu francés. Tamén estudou interpretación no Conservatorio de París, no que conseguiu entrar a pesares das súas dificultades co idioma.

O primeiro papel profesional que obtivo foi en *La Celestina*.

En 1944 coñeceu a Albert Camus, con quen mantivo unha relación sentimental ata a morte deste en 1960. Protagonizou varias obras escritas por Camus, como *El malentendido*, *El estado de sitio* e *Los justos*, e representou obras de grandes escritores converténdose en musa do existencialismo francés.

En 1949, entra na Comédie Française e máis tarde no Teatro Nacional Popular (TNP). Participou na creación e potenciamento do Festival de Aviñón. María Casares interpretou a *Lady Macbeth*, *María Tudor*, *Ana Petrova*, etc. en obras de Shakespeare, Victor Hugo, entre moitos outros.

En 1976 volveu a España para representar *El adefesio* de Rafael Alberti.

Conseguiu o Premio Molière á mellor actriz de teatro e foi nomeada aos César. Recibiu do goberno francés o Premio Nacional de Teatro, e en España, a Medalla ao Mérito de Bellas Artes. Obtivo o Premio Segismundo da Asociación de Directores de España.

Tamén se lle concedeu o título de filla predilecta de A Coruña e a Medalla Castelao.

En 1996, María Casares aceptou que os premios de teatro de Galicia levaran o seu nome, pero a morte impediulle asistir á súa primeira edición.

Unha iniciativa busca rebautizar o Teatro Colón da Coruña co nome da actriz.



Vero Boquete.



Verónica Boquete naceu o 9 de abril de 1987 en Santiago de Compostela. É a mellor futbolista de España e unha das mellores do mundo, todo un referente do deporte feminino, primeira española profesional, primeira campioa de Champions, primeira en levar España a un mundial, a única que foi candidata ao Balón de Ouro.

É unha futbolista que xoga como centrocampista na Associazione Calcio Firenze Fiorentina da Serie A de Italia.



MARISOL SOENGAS

Soengas naceu no municipio de Agolada, Pontevedra, Galicia en 1968. Con cinco anos xa quería ser científica e de moza comezou a súa carreira na Universidade da Coruña.




É bióloga especializada en Microbioloxía pola Universidade Autónoma de Madrid. En 1997 foi investigadora do Cold Spring Harbour Laboratory (en Nova York) .

Formouse xunto aos mellores científicos/as en Madrid e o exemplo da súa mentora Margarita Salas axudoulle a considerar sempre natural que unha muller ocupase postos de responsabilidade na ciencia.

Entre 2002 e 2008 traballou na Universidade de Michigan (Estados Unidos). En 2008 regresou a España e dende ese ano é directora do grupo de Melanoma do Centro Nacional

de Investigacións Oncolóxicas (CNIO), onde se avanza

na loita contra o cancro, centrándose no cancro de pel .En 2017, o equipo que dirixe conseguiu desenvolver modelos animais (ratos



bioluminiscentes) que chamaron MetAlert porque son os primeiros en visualizar as vías de diseminación dos

Entrevista de radio

tumores. Os proxectos de laboratorio están orientados para que

o traballo sexa directamente útil nos pacientes.

Implícase no fomento das vocacións científicas entre nenas e mulleres, para reducir a fenda de xénero e cambiar os estereotipos de xénero existentes. Tamén é fundadora, xunto a outras, do colectivo “Mulleres Influente de Galicia” para promover o talento invisible das mulleres galegas.

Ten máis dunha ducia de premios importantes en todo o mundo. A noticia sobre o último galardón podes velo no seguinte código qr.



ELENA GARCÍA ARMADA

Nada en Valladolid no ano 1971. Elena é unha enxeñeira industrial que desenrolou o primeiro exoesqueleto biónico do mundo para nenos con artrofia muscular espiñal. De nai doutora en física e pai catedrático de Electromagnetismo, creador da Escola de Enxeñería de Telecomunicacións en Santander.

En 2009 foi doutorada en Robótica pola Universidade Politécnica de Madrid.

Elena comezou a súa carreira profesional vinculada coa elaboración de robots industriais ata que en 2009 coñeceu a Daniela, unha nena que a raíz dun accidente de tráfico quedou nun estado severo de tetraplexía. A partir dese momento especializouse en fabricar dispositivos orientados a mellorar as facultades físicas, contribuír a rehabilitación e aumentar a mobilidade de nenos que sofren enfermidades dexenerativas.

A nosa protagonista foi recoñecida a nivel mundial cos seguintes premios e recoñecementos:

- Premio Ada Byron, outorgado pola Universidade de Deusto (2021).
- Premio Beato de Liébana a Cohesión Internacional (2021).
- Premio Talgo a Excelencia Profesional da Muller na Enxeñería (2019).
- En 2021, un instituto público de Xerez da Fronteira pasou a chamarse "IES Elena García Armada", como recoñecemento a científica.
- No 2018 logrou o galardón Mulleres na Ciencia pola Traxectoria Científica.
- Medalla de Ouro de Madrid (2018).
- Premio Mulleres a seguir (2017).
- No 2016 foi recoñecida entre as 10 persoas científicas máis brillantes.
- Mellor Tecnoloxía Sanitaria. Premios ABC (2016).
- Mellor proxecto emprendedor. Premio CEPYME (2015).



MALALA

Malala Yousafzai naceu en Mingora o 12 de xullo de 1997. É coñecida por ser a máxima defensora dos dereitos das mulleres e dos dereitos dos nenos.

O seu pai foi o seu referente e educouna desde pequena.

Malala protestou polo peche da súa escola e escribiu nunha bitácora para a BBC onde narrou como era a súa vida e o que acontecía no seu país.

Con 11 anos, foi vítima dun atentado talibán recibindo un tiro na cabeza. Recibiu asistencia médica no seu país. Non obstante, a operación de reconstrución e de mobilidade da cara fíxoala en


Inglaterra.

Alí, estudou en Edgbaston High School (2013- 2017). No 2013 publicou o seu primeiro libro: Soy Malala: a nena que defendeu a educación e foi baleada polos talibáns. Ese mesmo ano, creou a fundación Malala Fund.

Recibiu numerosos premios e nomeamentos. Os máis destacados son os seguintes:

- No 2014 recibiu o Premio Nobel da Paz, sendo a persoa máis nova en recibilo con 17 anos.
- No 2013, 2014 e 2015 a revista Time incluía como unha das “100 persoas máis influentes do mundo”. Foi a **primeira gañadora** do premio **National Youth Peace Prize**.
- No 2017 comezou os estudos no Lady Margaret Hall (2017 - 2020) de Filosofía, política e económicas. Nese ano, publicou o lapis máxico de Malala.
- No 2019 publicou o seu terceiro libro Somos desprazadas.

A día de hoxe está casada e sigue vivindo en Inglaterra. Dende alí, sigue loitando polos dereitos dos nenos e das mulleres no seu país.



Se queres saber máis sobre Malala, entra no Código QR.



Olimpia Valencia

Olimpia Valencia López naceu en Baltar (Ourense).

O día do seu nacemento foi o 14 de decembro de 1898 (en Baltar), mentres que a súa morte foi o 10 de xullo de 1987 (en Vigo, sobre os oitenta anos).

Esta era a única filla de Anacleto Valencia Lama (un empresario galego).

Esta é unha muller importante debido a que foi a primeira galega titulada en medicina, esta especializouse a xinecoloxía.

Olimpia Valencia estudou Bacharelato no Instituto de Pontevedra, os estudos de medicina comezounos en 1919 na Universidade de Santiago de Compostela. (Licenciouse en 1925).

Marchando ese mesmo ano a Madrid facer a tese de doutoramento, que esta presentou en 1930 co título de *La colesterinemia (En Madrid aloxouse durante tres anos na Residencia de Señoritas da rúa Fortuny)*. En 1928 trasladouse de novo a Vigo, e seguiu súa vida.

(Esta continuou traballando ata ter oitenta anos ata que morreu en 1987).



Para máis información escanea o seguinte código QR:

